

lugoteando

TUDO O QUE A CIDADE TEN PARA TI



Concello de Lugo



EUROPA DIRECT ✕ CEI-NODUS ✕ ESPAZO>LAB ✕ CASA DAS LINGUAS ✕ CASA DA MÚSICA
CASA DO DEPORTE ✕ ARDE LUCUS ✕ OIX ✕ +XTI ✕ ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS
REBICÍCLATE ✕ SAN FROILÁN ✕ SERVIZO DE PREVENCIÓN DE DROGAS

EUROPA DIRECT



Achégate a Europa

Europe Direct-Lugo é o punto desde o que o Concello de Lugo che ofrece un servizo de proximidade que che permitirá obter información, asesorarte, axudarche e responder ás dúbidas que teñas sobre a lexislación, as políticas, os programas e as posibilidades de financiación da UE.

EUROPA DIRECT

Avda. da Coruña 490 (antigo cuartel de Garabolos)
27003 Lugo
Teléfono: 982 297 479
Fax: 982 297 364
EuropeDirect-Lugo@concellodelugo.org

Tamén hai un número de atención gratuïto accesible desde os 27 estados membros:

0080067890111

Europe Direct-Lugo ofrécete información sobre as prioridades de comunicación da Comisión, potencia que participes en debates e discusións con outros cidadáns europeos seguindo a axenda europea nun contexto nacional, rexional e local promovendo unha cidadanía europea activa e contribuíndo ao desenvolvemento dun espazo público europeo.

Europe Direct-Lugo proporcionache un completo servizo de información sobre temas relacionados coa Unión Europea. Tes á túa disposición:



■ Consultas. Pódelas realizar persoalmente, por teléfono, fax ou por correo electrónico.

■ Acceso a documentación relacionada coa Unión Europea: folletos divulgativos, lexislación comunitaria, publicacións oficiais, etc.

■ Acceso desde os ordenadores do centro ás bases de datos comunitarias e outras fontes de información da UE.

■ Información a través da nosa páxina web e do noso boletín electrónico mensual de toda a actualidade sobre as políticas da Unión Europea.

O Centro permanece aberto de luns a xoves en horario de 8:30 a 14:30 e de 16:00 a 19:00, e os venres de 8:30 a 14:30. Os meses de xullo e agosto de 8:30 a 14:30.

Ademais, tes á túa disposición a nova web do Concello con información sobre a UE, www.lugo.es/europedirect

Na web atoparás toda a información de interese sobre a relación coa UE, sobre todo en materia laboral e de formación. Podes acceder a través da páxina do Concello www.lugo.es. O portal facilítache unha comunicación ao día de todo canto está facendo a Unión Europea.

Queres ser empresario?

Se tes un proxecto, eres emprendedor, innovador e queres dar o salto ao mundo empresarial, no CEI-NODUS terás un apoio perfecto para levar a cabo o teu soño.

O Centro de Empresas e Innovación (CEI) é unha iniciativa do Concello de Lugo para a promoción económica da cidade e un apoio á posta en marcha de novas iniciativas empresariais.

O CEI quere ser un instrumento útil para o emprendedor. As súas accións están dirixidas a acompañarte nos teus primeiros pasos. As empresas xa traballan nas súas instalacións caracterízanse polo seu carácter innovador e pola sensibilidade para incorporar as novas tecnoloxías ao seu traballo.

Con este obxectivo o CEI céntrase en tres áreas básicas de servizos. A primeira trata de facilitar a creación de

para todo tipo de empresas interesadas en iniciar proxectos vencellados ao I+D+i.

Estas tres áreas de servizo buscan promover novos investimentos na provincia de Lugo por medio de iniciativas empresariais que contribúan ao desenvolvemento económico do Concello e especificamente a:

- Fomentar empresas cun selo de calidade.
- Dinamizar a cooperación empresarial.
- Diversificar a estrutura produtiva local, favorecendo a instalación de empresas de carácter innovador.
- Ofreceche unhas instalacións idóneas en canto a prezos e a servizos, que permitan ás iniciativas empresariais desenvolver o seu plan de empresa para que, cun tempo de estancia limitado no Centro, estén en situación de competir dentro das condicións do mercado.

Unha das grandes ventaxas que ofrece o CEI-NODUS é o semilleiro de empresas no que podes comezar a túa actividade empresarial e estar nelas durante 3 anos. Deixámosche un espazo acondicionado para que comeces o teu soño e poida saír adiante o teu proxecto. Locais acondicionados con luz, auga, teléfono e conexión a internet. Ofrecémosche todas as facilidades para que a túa empresa sexa unha realidade.

Os proxectos que forman parte do CEI son ideas empresariais nadas en Lugo pero que todavía teñen que consolidarse no mercado. Dende o ano 2007 diferentes empresas viron a luz amparadas polo CEI. O seu índice de supervivencia, unha vez abandonado o viveiro que o Concello lles cede para aloxarse, é do 100%. Lugo é unha das cidades máis rentables en canto á supervivencia das novas firmas, superior á media de Galicia e á de España.

empresas de carácter innovador nun contorno idóneo para a xeración de novas iniciativas. Así, combínanse as infraestruturas coa asesoría técnica para facilitar o arranque e a consolidación de proxectos empresariais. Para elo patrocínase a cooperación entre as empresas situadas no Centro co obxectivo de conseguir unha mellor inserción no mercado.

A segunda das áreas de servizo do CEI é a programación dunha oferta continuada de formación en materia de xestión e a innovación empresarial mediante cursos, seminarios e actividades de carácter divulgativo. Finalmente o CEI ofreceche tamén asesoría

CEI-NODUS

Avda. da Coruña, 490. 27003 Lugo
info@cei.lugo.es | Teléfono: 982 264 260



A formación, o teu futuro

Situado no edificio do antigo Cuartel de Garabolos, por primeira vez en Lugo, préstache un servizo integral de orientación, formación e desenvolvemento de programas de fomento do emprego.

Pretende lograr o pleno emprego a través da formación, e competir por ter os recursos humanos mellor formados. Inspirado na Cidade dos Oficios (Cité des métiers) da Cidade das Ciencias e da Industria de París e en Porta 22 de Barcelona Activa, é o primeiro centro de Galicia dedicado ás novas ocupacións emerxentes ou en transformación.

No centro detectanse e divulganse os cambios e as tendencias do mundo do traballo, novas oportunidades de ocupación, sectores económicos emerxentes, novas competencias profesionais, etc. O Centro de Orientación Laboral nace coa idea de dar continuidade ás actuacións a favor do emprego levadas a cabo a través do proxecto “Lugo Social” da Iniciativa Comunitaria Equal.

Ofréceche un espazo atractivo, integrado e moderno, dotado de tecnoloxía e medios máis avanzados. Constitúen o centro de referencia en materia de emprego. Ademais a súa idónea localización, contigua ao NODUS (centro de innovación tecnolóxica) e ao Centro de Empresas, fai deste centro un punto de unión entre o empresariado e os demandantes de emprego.

O Espazo Lab conta cunha superficie construída de 344.72 metros cadrados dividido en dúas plantas nas que se reparten as diferentes aulas, salas e oficinas que o compoñen. É un espazo totalmente accesible para que poida ser utilizado por persoas con discapacidade.

Servizos:

- Laboratorio de tendencias
- Programas europeos de formación e inserción laboral
- Formación impartida no Espazo>Lab



web>lab
consulta e
ferramentas
para a busca
de emprego

- Orientación Laboral e formación para o desenvolvemento persoal
- Intermediación Laboral
- Oficina de Información Europea

CENTRO DE ORIENTACIÓN LABORAL

Espazo>Lab
Avda. da Coruña, 490. 27003 Lugo
Teléfono: 982 297 361
www.lugo.es

CASA DAS LINGUAS



Amplía as túas competencias lingüísticas

A Casa das Linguas ofrécete un espazo socio-educativo dirixido á práctica dos idiomas. No seu inicio o idioma a practicar e o inglés ao que se incorporarán outras linguas como o francés, o italiano ou o chinés. Así mesmo, o centro posibilitará que os nativos doutros países poidan practicar tamén o galego e o castelán nas instalacións da Casa das Linguas.

Situada nas inmediacións do campus universiario pretende ter un marcado carácter participativo, polo que poderás levar a cabo, con independencia da participación nas aulas educativas, numerosas accións: coloquios con monitores nativos, consultas das bases de datos, asistir a proxeccións de películas e demais actividades que che permitan incrementar a formación en idiomas.

Trátase dun espazo moderno, integrado en pleno campus universitario, perfectamente equipado, no que sendo participativo poderás levar a cabo o desenvolvemento das túas competencias lingüísticas en diferentes idiomas.

A Casa das Linguas pretende ser un punto de encontro e de difusión dirixido a toda a poboación con idades de 10 anos en diante. Terás á túa disposición aulas educativas, con equipos informáticos, dúas aulas de conversación, unha biblioteca-terxulia e un salón de actos dotado de mobiliario e equipos informáticos.

O centro conta co seguinte horario:

- Nos meses de verán está aberto de 10,30 a 13,00 horas e de 18,00 a 22,00 horas.
- Nos meses de inverno, a partir do 15 de setembro, de 17,30 a 22,00 horas.
- Tamén abre os dous últimos sábados do mes de 18,00 a 21,00 horas.

A este centro sumarase proximamente a Casa das Linguas da Piringalla.

CASA DAS LINGUAS

Estrada da Granxa

Inscríbete: 982 80 78 38

<http://casadaslinguasconcellodelugo.blogspot.com>

Teléfono: 982 80 78 38

CASA DA MÚSICA

En clave musical

Dependente da Concellería de Xuventude do Concello de Lugo, a Casa da Música xorde como un espazo para a súa utilización por parte dos grupos de música inscritos no censo de grupos musicais da Concellería.

■ O horario da “Casa da música” é o seguinte:

Luns	18:00h - 21:00h
Martes - Xoves	18:00h - 23:00h
Venres - Sábado	16:00h - 23:00h
Domingo	16:00h - 24:00h

■ Os grupos poden acceder os locais durante 6 horas semanais repartidas en espazos de dúas horas 3 días a semana ou 2 días a semana 3 horas cada día. O

horario de ensaio é o seguinte:

Luns	18:00h - 21:00h
Martes - Xoves	18:00h - 23:00h
Venres - Sábado	16:00h - 23:00h
Domingo	16:00h - 24:00h

A información en relación coa actividade, podes conseguila no teléfono 982 29 47 96

ou na Oficina de Información Xuvenil en horario de mañás das 9:00 ás 14:00 horas, e de tardes das 16:30 ás 19:00 horas de luns a venres.

Teléfonos de contacto da Casa da Música:

982 29 74 17 / 679 43 25 38.

Parque da Milagrosa

Correo electrónico: cmusica@concellodelugo.org

Na casa da música hai dúas prantas, na parte de arriba hai dúas salas de ensaio para os grupos e a parte de abaixo é unha sala multifunción que utiliza a Concellería de Xuventude para realizar diferentes actividades, ao tempo que se lle cede a asociacións ou grupos de xente.

Configúrase como un espazo no que podes ensaiar e relacionarte con outros grupos musicais do mesmo estilo co teu ou outro diferente. Un espazo plural no que tamén poderás xogar, entreterte e afondar no increíble mundo da música.

En clave de re, en clave de sol ou en clave de fa, iso decídelo ti. O estilo tamén. Anímate a participar. Práctica, ensaia, crea. Divértete!!



CASA DO DEPORTE



Súmate á vida saudable

Recentemente o Concello de Lugo puxo en marcha a Casa do Deporte, que converte a Frigsa no centro de actividade dos clubs lucenses. Ubicada no primeiro andar do polideportivo Municipal da Avenida Duquesa de Lugo conta cunha superficie de 450 metros cadrados con 20 locais, unha sala de reunións para 10-12 persoas, un salón de actos para unhas 50 persoas, unha sala de servizos comúns que incluíría telefonía, reprografía... Todos os locais contan con coa instalación de liña telefónica e Internet.

A forte aposta do Goberno Local polo deporte base e pola práctica deportiva xeralizada materialízase coa apertura destas instalacións que cumpren coa demanda existente dende hai anos na cidade e que permitirán concentrar moita da actividade administrativa que rodea ao deporte na nosa cidade.

Con esta dotación o recinto de Frigsa convértese nun referente do deporte lucense con máis de 30.000 metros cadrados deportivos construídos.

Na súa aposta polo deporte base, o Concello ofértache un amplo abano de disciplinas para satisfacer o gusto de todos os lucenses. En total, son 15 as modalidades deportivas que se desenvolven anualmente.

- | | |
|------------------------------|------------------------|
| ■ Baloncesto | ■ Boxeo |
| ■ Ximnasia de mantemento | ■ Béisbol |
| ■ Hockei en liña (masculino) | ■ Loita |
| ■ Hockei en liña (feminino) | ■ Tiro con arco |
| ■ Ximnasia rítmica | ■ Patinaxe |
| ■ Tenis de mesa | ■ Tenis |
| ■ Ciclismo | ■ Deporte para maiores |
| ■ Triatlón | |

CASA DO DEPORTE

Avda. Infanta Elena
Teléfono: 982 20 63 40



INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS

CAMPO DE FÚTBOL DAS GÁNDARAS

Enderezo: As Gándaras s/n
Descrición: Campo de Fútbol das Gándaras
Medidas:
Campo Herba Artificial de 95m x 58m.
Campo de terra de 92m x 62m
Outras:
Gradas con capacidade 500 persoas.
Teléfonos: 982 253 881

COMPLEXO DE FRIGSA

Enderezo: Monte Faro s/n, Lugo, 27003
Descrición: Piscina de Frigsa
Horarios: As instalacións das piscinas están abertas De 08:00 a 22:30 horas de Luns a Venres
Sábados abren de 10:00 a 14:00 horas e de 17:00 a 20:00 horas
Domingos de 10:00 a 14:00 horas
Pistas de tenis
Horario de pago e reserva: de luns a venres, de 16:00 a 23:00 horas
Teléfonos: 982 20 63 40
Faxes: 982 26 52 10

COMPLEXO DEPORTIVO AS PEDREIRAS

Enderezo: Pavillón Novo de Deportes
Descrición: Complexo Deportivo de Piscina e Pista de Atletismo
Piscina das Pedreiras
De 08:00 a 14:30 e 16:00 a 22:30
Sábados de 10:00 a 14:00 e 18:00 a 21:00
Prezos
Nenos (menores de 16 anos)
Entrada: 1,20 euros
Abono 5 baños: 4,30 euros
Abono 10 baños: 8,00 euros
Abono 20 baños: 14,20 euros
Abono anual: 47,50 euros
Adultos
Entrada: 3,10 euros
Abono 5 baños: 9,30 euros
Abono 10 baños: 17,30 euros
Abono 20 baños: 25,30 euros
Abono anual: 86,40 euros
Teléfonos: 982 55 44 33

COMPLEXO POLIDEPORTIVO O PALOMAR

Enderezo: Avenida dos Deportes s/n
Descrición: Pistas de tenis
Horario de pago e reserva: de luns a venres, de 16:00 a 23:00 horas
Prezos:
Nenos (menores de 16 anos) / 1 hora
Sen luz: 1,20 euros
Con luz: 1,50 euros
Adultos (+ 16 anos) / 1 hora
Sen luz: 2,50 euros
Con luz: 3,70 euros

PAVILLÓN DOS DEPORTES

Enderezo: Rúa Santiago s/n
Descrición: Pavillón Municipal dos deportes
Medidas: Pista Polideportiva de 25m. X 42 m.
Outras:
Capacidade 3.500 persoas
Cafetería
Gradas Abatibles
Teléfonos: 982 223 930

PISTAS POLIDEPORTIVAS

Enderezo: Rúa Pintor Corredoira
Descrición: Pistas polideportivas ao aire libre para a práctica de deportes realcionados co atletismo.
Teléfonos: 982 39 28 17
Faxes: 982 14 25 36

POLIDEPORTIVO MUNICIPAL DA PIRINGALLA

Enderezo: Angelo Colocci s/n
Descrición: Polideportivo Municipal da Piringalla
Medidas: Pista Polideportiva de 23m. X 42 m.
Outras:
Pista acondicionada para a práctica de hockey liña
Gradas capacidade para 100 persoas.
Teléfonos: 982 212 876

ARDE LUCUS



Pasado romano

Coa chegada do verán a cidade de Lugo revive o seu pasado romano coa celebración dunha das festas que ao longo de 3 días enchen as rúas da cidade cun sinfín de actividades para todos os públicos, para maiores e pequenos.

Venda de escravos, o circo romano, desfiles de lexións, xogos, olimpiadas, concertos, bodas celtas e romanas, bacanais, fogos artificiais... recrean a historia, as tradicións e a cultura romana que existía nos tempos de Lucus Augusti. Lugo vólcase para ofrecer a todos os que se acheguen á cidade amurallada a oportunidade de ver o esplendor da urbe no momento do seu nacemento.

Trátase de 72 horas de celebración cun completo programa que está feito para que todos participedes na festa e ano tras ano achega a cidade a un maior número de visitantes.


Cada edición supera a anterior en participación e novidades que tratan de sorprender á cidadanía e afianzar aínda máis a esta festa que xa chegou a ser unha das mellor valoradas no noso país.

CENTRO HISTÓRICO DA CIDADE

Concellería de Xuventude: 982 297 496



- 1 EUROPA DIRECT**
Avda. da Coruña, 490
 - 2 CEI-NODUS**
Avda. da Coruña, 490
 - 3 ESPAZO>LAB**
Avda. da Coruña, 490
 - 4 CASA DAS LINGUAS**
Estrada da Granza
 - 5 +XTI**
Discoteca BOE:
Rúa Otero Pedraio 20
 - 6 ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS**
 - 7 ARDE LUCUS**
 - 8 SAN FROILAN**



9 CASA DO DEPORTE

Avda. Infanta Elena

10 REBICÍCLATE

Praza do Campo, 11

11 CASA DA MÚSCIA

Parque da Milagrosa

12 SERVIZO DE PREVENCIÓN DE DROGAS

Carril das Hortas, s/n

13 OIX

Quiroga Ballesteros, 1

14 AUDITORIO

Parque da Milagrosa

OFICINA DE INFORMACIÓN XUVENIL



Que sabes de?

Os mozos e mozas de hoxe precisades estar informados para así poder competir nun mundo cada vez máis globalizado. Un mundo no que a formación e a información son fundamentais.

Un grupo de profesionais axudarache a resolver as tuas dúbidas en relación co traballo, os estudos, os temas xurídicos ou a sexualidade.

Todas as asesorías son gratuítas e garántenche a confidencialidade e o anonimato.

CENTRO SOCIAL UXÍO NOVONEYRA

Quiroga Ballesteros 1

Teléfono: 982 284726

Horario: De 17,30 a 21,00 horas

xuventude@concellodelugo.es

Ampla oferta de ocio para a mocidade

Para as noites dos sábados ofrecémosche alternativas de ocio e tempo libre saudables co programa Sábados +XTI. Entre as actividades hai concursos, desfiles, baile libre, maquillaxe, malabares, maxia, exhibicións, concertos, deseño de camisetas, cursos de baile, festas temáticas (de Nadal, da amizade, do pixama,...), clases de hip-hop, monólogos, chistes, tattoo de henna, etc.

As actividades teñen lugar entre as 18:00 e as 22:00 horas todos os sábados de setembro a maio, no local da Discoteca BOE, sito na rúa Otero Pedraio nº 20. O prezo da entrada é de 3 euros e inclúe unha consumición sen alcol.

Para inscribirte nesta actividade, debes chamar ao teléfono de atención á cidadanía 010 (982 297 350 se chamas dende fóra de Lugo).

www.lugo.es/prevenciondrogas
prevenciondrogas@concellodelugo.org
Teléfono: 982 297 498



PROGRAMACIÓN CULTURAL

■ MOSTRA DE TEATRO CLÁSICO

Data: xaneiro - febreiro

Organiza: Concellería de Cultura e Turismo
cultura@concellodelugo.org

Teléfono: 982 297 257

■ ENTROIDO

Data: 16-20 febreiro

Organiza: Concello de Lugo
cultura@concellodelugo.org

Teléfono: 982 297 257

■ FESTIVAL INTERNACIONAL DE TEATRO UNIVERSITARIO

Data: marzo

Organiza: Aula de Teatro da USC (Campus de Lugo)
www.usc.es

■ FESTIVAL DE MÚSICA CIDADE DE LUGO. SEMANA DO CORPUS

Data: abril-xuño

Organiza: Concellería de Cultura e Turismo
cultura@concellodelugo.org

Teléfono: 982 297 257

■ MOSTRA DE TEATRO CIDADE DE LUGO

Data: maio

Organiza: Grupo de Teatro Achádego e Concellería de Cultura e Turismo

■ FEIRA DO LIBRO

Data: maio

Organiza: Federación Galega de Libreiros e Concellería de Cultura e Turismo
www.libreros.org

Teléfono: 981 599 958

■ DÍA DAS LETRAS GALEGAS

Data: 17 maio

Organiza: Concellería de Cultura e Turismo
cultura@concellodelugo.org

Teléfono: 982 297 257

■ ARDE LCVS

Data: 26,27 e 28 xuño

Organiza: Concellería de Xuventude
xuventude@concellodelugo.org
www.ardelucus.com

Teléfono: 982 284 814



■ FESTA DO CORPUS CHRISTI

Data: 7 xuño

Organiza: Concello de Lugo
alcaldia@concellodelugo.org

Teléfono: 982 297 136

■ OFRENDA DO ANTIGO REINO DE GALICIA AO SANTÍSIMO SACRAMENTO

Data: 16-17 xuño

Organiza: Concello de Lugo
alcaldia@concellodelugo.org

Teléfono: 982 297 136

■ CERTAME DE PINTURA RÁPIDA AO AIRE LIBRE CIDADE DE LUGO

Data: xullo

Organiza: Concellería de Cultura e Turismo e Asociación de Artistas Plásticos Lucenses
cultura@concellodelugo.org

Teléfono: 982 297 257

■ FEIRA DE LIBRO ANTIGO

Data: xullo

Organiza: Federación de Libreiros de Galicia e Concellería de Cultura e Turismo
www.libreros.org

Teléfono: 981 599 958



■ MOSTRA DE OFICIOS TRADICIONAIS

Data: sábados de xullo e agosto

Organiza: Concellería de Cultura e Turismo
cultura@concellodelugo.org

Teléfono: 982 297 257

■ SEMANA INTERNACIONAL DE CINE DE AUTOR DE LUGO

Data: setembro

Organiza: Grupo Fonmiñá e Concellería de Cultura e Turismo

www.semanadecine.delugo.info

Teléfono: 982 297 257

■ SAN FROILÁN, FESTA DE INTERESE TURÍSTICO NACIONAL

Data: outubro

Organiza: Concellería de Cultura e Turismo
cultura@concellodelugo.org

Teléfono: 982 297 257

■ MOSTRA DE TEATRO CLÁSICOS DO SÉCULO XX

Data: setembro

Organiza: Concellería de Cultura e Turismo
cultura@concellodelugo.org

Teléfono: 982 297 257

■ SEMANA INTERNACIONAL DE MAXIA

Data: novembro

Organiza: Concellería de Cultura e Turismo
cultura@concellodelugo.org

Teléfono: 982 297 257

■ XVII FESTIVAL DE JAZZ DE LUGO

Data: novembro

Organiza: Asociación Escobijazz e Concellería de Cultura e Turismo

www.jazzlugo.com/escobijazz.htm

■ CERTAME DE NARRACIÓN CURTA ÁNCEL FOLE

Data: decembro

Organiza: Concellería de Cultura e Turismo
cultura@concellodelugo.org

Teléfono: 982 297 257

■ FESTAS DE NADAL

Data: decembro

Organiza: Concellería de Cultura e Turismo
cultura@concellodelugo.org

Teléfono: 982 297 257



REBICÍCLATE

Pedaleando polo medio ambiente

Queres colaborar na loita contra o cambio climático? Utiliza medios de transporte alternativos. O Concello de Lugo, ademais do servizo municipal de transportes puxo en marcha Rebicíclate, o servizo de préstamo de bicicletas co que quere que a cidadanía se recicle, se conciencie e que cambie o chip para ver a bicicleta como un medio de transporte habitual.

Non é un deporte nin unha diversión só para o verán, senón que permite percorrer a cidade mellorando o grao de utilización do espazo público, o abastecemento enerxético de Lugo, a túa saúde e tamén reduce o ruído ambiental e as emisións contaminantes.

Hai 5 estacións en toda a cidade:

- Campus universitario
- Praza do Ferrol
- Xardíns de Simón Bolívar
- Parque da Milagrosa
- Rúa Alcalde López Pérez

Para poder ser usuario deste servizo so tes que ser maior de idade ou ir acompañado dun maior e saber montar en bici.

Para inscribirte no servizo cubre o formulario que podes atopar no portal web de www.lugo.es, imprime todos os documentos e recorda Asinar tanto a inscrición como as condicións de uso. Presenta a túa inscrición xunto con unha fotocopia do DNI e o DNI orixinal na Oficina Municipal de Turismo no seguinte horario:

■ de 11:00 a 14:00 horas pola mañá e de 16:30 a 19:30 horas pola tarde incluídos festivos e fines de semana. Recolle a túa tarxeta... e a Pedalear!



**OFICINA MUNICIPAL DE TURISMO.
CENTRO DE INTERPRETACIÓN DA MURALLA**

Praza do Campo 11
Teléfono: 982 25 16 58
www.lugoturismo.com
www.lugo.es

SAN FROILÁN



A festa de referencia en Galicia

Coa chegada do outono chegan tamén a Lugo as festas máis populares de Galicia e do Noroeste Peninsular: as festas de San Froilán. Esta celebración ten lugar dende fai 255 anos na honra do patrón da cidade. Co pregón do 4 de outubro e o berro de Viva o San Froilán arrincan os nove días de festa da cidade.

O Concello elabora ano tras ano un programa no que se conxuga a tradición coa modernidade e que consegue atraer á cidade a máis visitantes cada ano.

Entre o 4 e o 12 de outubro Lugo rebosa o seu espírito festivo ao ritmo de charangas, espectáculos na rúa, mercadillos, e atraccións. Os días grandes son o día de San Froilán o 5 de outubro e o Domingo das Mozas. Tamén conta cun gran éxito a feira medieval na Praza da Catedral con mostras de artesanía, oficios tradicionais e cetrería.

Os máis pequenos teñen o seu propio programa nas festas: o San Froilanciño, un evento que inclúe todo tipo de actividades destinadas ao disfrute dos máis pequenos.



Un dos grandes reclamos das festas son os concertos, na súa maioría gratuítos, e que ano tras ano achegan á cidade aos artistas máis punteiros do panorama nacional e internacional. Na edición do 2009 os lucenses puideron disfrutar nas prazas da cidade coas actuacións de: Amaral, Nacho Vegas, The Wailers, Revolver e Michele McCain entre outros.

CONCELLERÍA DE CULTURA

Teléfono: 982 29 72 57

SERVIZO MUNICIPAL DE PREVENCIÓN DAS DROGODEPENDENCIAS



Ti tamén podes dicir NON

Servizo Municipal de prevención das Drogodependencias.- Pensa en ti, elixe por ti.

Somos consciente da importancia que ten vivir nunha cidade segura na que os hábitos de vida sexan saudables. Para iso, debes dicir NON ao mundo da droga.

O Servizo Municipal de Prevención das Drogodependencias realiza numerosas intervencións no ÁMBITO ESCOLAR con talleres nos centros educativos da cidade, coas proxeccións de Cinensino e a publicación de axendas escolares de Prevención para alumnos e alumnas de 5º e 6º de Primaria.

No ámbito familiar tamén actúa coas accións de atención directa de Prevención para Pais e Nais en horario extraescolar, coa atención telefónica/internet a padres en horario de oficina e a información e asesoría directa a Pais e Nais (presencial, telefónica e dende a páxina web).

Por outra banda ofrece un bo número de actividades alternativas de lecer e tempo libre para que disfrutes como son:

■ Curso de Iniciación á Fama dirixido a rapaces e rapazas entre 13 e 20 anos. Actividade de baile realizada en fins de semana

■ Ciclo de Cine de Verán (ubicadas en Lamas de Prado)

■ Posta en funcionamento do Punto Xuvenil en Lamas de Prado. Aberto en horario de tardes de Luns e Venres.

■ Actividades de ocio na Praza do Castiñeiro

■ Intervencións nocturnas no Parque de Rosalía de Castro (botellón). Venres e Sábados das 23:00 ás 3:00. De Febreiro a Xullo. Información e sensibilización sobre os riscos de alcohol, civismo e conducción.

CENTRO DE CONVIVENCIA MARUJA MALLO

Teléfono de atención: 982 29 74 98

Ubicación: Carril das Hortas s/n.

<http://www.prevenciondrogas.lugo.es>

SAÚDA DO ALCALDE

Lugo polo mundo

A cidade de Lugo atópase hoxe máis preto e en maior sintonía con Europa que hai uns anos. A apertura en Lugo da oficina Europa Direct, a estreita relación que a través dela se mantén con Europa e cos seus países membros permítennos vivir Europa e con Europa máis que nunca.

Lugo quere formar parte desa rede de cidades modernas, con posibilidades para a mocidade e o seu desenvolvemento persoal e profesional.

Desde o Concello de Lugo somos conscientes de que en vós, na xuventude, no voso espírito transformador do mundo, reside a maior potencialidade da sociedade, a mellor garantía do futuro.

Así, puxemos en marcha o proxecto Lugoqualitas grazas ao cal numerosos mozos e mozas lucenses poden realizar prácticas en empresas da Unión Europea para ampliar os seus coñecementos académicos e trasladar a aprendizaxe realizada na comunidade aos países de acollida.

Desexamos que a vosa formación e a vosa capacidade se constitúan nos valores fundamentais, na vosa carta de presentación en Lugo, en Galicia, en España e en Europa. Polo que colaboraremos sempre en programas formativos e informativos en relación co estudo e a formación laboral e profesional dos máis novos.

Como Alcalde ánimo vos a integrarvos con Europa, intercambiar proxectos, ideas e experiencias con outros países e outras culturas para levar Lugo polo mundo e traer o mundo a Lugo. Porque coa vosa experiencia, cos vosos coñecementos e vosa valía seremos capaces de avanzar nesa cidade plural, diversa e chea de oportunidades que todos perseguimos.



JOSÉ LÓPEZ OROZCO

Alcalde de Lugo



Concello de Lugo

